

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A :

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 11 de xaneiro de 2019, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto: Aprobación das valoracións acadadas polas empresas licitadoras correspondentes aos criterios de valoración non automática (sobre B) do procedemento aberto convocado para levar a cabo a “Subministración de artigos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra” - (Expte.- 2018034050)**

O Secretario informa que a Xunta de Goberno na sesión do día 05 de novembro de 2018 aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo da “Subministración de artigos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 06 de novembro de 2018. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

As empresas admitidas pola Mesa de Contratación con data 23 de novembro de 2018 por ter presentado as súas ofertas dentro do prazo establecido foron as seguintes:

EMPRESA	LOTE AO QUE OPTA
Darlim, S.L.U. (B-36.612.562)	1, 2, 3
Diversey España, S.L. (B-28247849)	3

A continuación o Presidente e o Secretario da Mesa de contratación acceden á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procedeuse á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, documentación técnica correspondente ós criterios de valoración non automática, presentada polas empresas licitadoras.

Unha vez rematado este trámite, a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación descargada dos sobres “B” á Xefa de Xestión do Centro Príncipe Felipe, para que avaliara as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Por error, na acta da reunión da Mesa de Contratación de data 23 de novembro de 2018, non se recolleu o feito de que a empresa a empresa *Darlim, S.L.U. (B-36.612.562)* achega á documentación técnica presentada no Sobre B dos Lotes 1, 2 e 3 as ofertas económicas para os referidos Lotes, feito polo que se acorda propoñer a súa exclusión.



Con data 30 de novembro de 2018 a Mesa de Contratación realiza o Sorteio das mostras dos produtos ofertados pola empresa licitante ao Lote 3 *Diversey España, S.L. (B-28.247.849)* resultando a bola extraída a nº 3 e indicándose que os produtos seleccionados serán os dous restantes (nº 1 e 2).

Na referida reunión da Mesa de Contratación, non se leva a cabo o sorteo dos produtos correspondentes aos Lotes 1 e 2 por incumprir a única empresa licitante aos mesmos o previsto na cláusula I, apartado 12 (Formas de presentar as propostas e contidos dos sobres) do prego administrativo. Concretamente o Sobre B contén datos que permiten coñecer a proposta económica que unicamente debe achegarse no Sobre C.

Con data 20 de decembro de 2018 recíbese no Servizo de Contratación informe da Técnico de Administración Xeral do Centro Príncipe Felipe, que co Vº e Prace da Xefa de Xestión, emite informe de valoración no que a empresa licitadora do Lote 3 acada as puntuacións que se relacionan de seguido:

### LOTE 3: Produtos de lavado industrial para a lavandería do Centro Príncipe Felipe:

EMPRESA	Criterio: Calidade dos produtos ofertados (Máximo 20 puntos)		
Diversey España, S.L. (B-28.247.849)	Subcriterio: <b>Propiedades inherentes dos produtos</b> (Máx 10 ptos)	Subcriterio: <b>Características dos produtos vinculadas ao medio ambiente</b> (Máx 10 ptos)	<b>TOTAL</b>
	10	8	<b>18</b>

\*No referido informe de valoración non se valora a oferta presentada pola empresa *Darlim, S.L.U. (B 36.612.562)* por incumprir o previsto na cláusula I, apartado 12 (Formas de presentar as propostas e contidos dos sobres) do prego administrativo. Concretamente o Sobre B contén datos que permiten coñecer a proposta económica que unicamente debe achegarse no Sobre C. Por este motivo a Mesa de Contratación non procedeu a solicitar mostras para realizar a valoración do Sobre B.

A Mesa de Contratación en base ó informe da Técnico de Administración Xeral do Centro Príncipe Felipe de data 18 de decembro de 2018, acorda:

1. Propoñer ó órgano de contratación, neste caso, á Xunta de Goberno, a exclusión da empresa *Darlim, S.L.U. (B 36.612.562)* do procedemento aberto convocado para a contratación da “Subministración de artigos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra”, por incumprir o previsto na cláusula I, apartado 12 (Formas de presentar as propostas e contidos dos sobres) do prego administrativo. Concretamente o Sobre B contén datos que permiten coñecer a proposta económica que unicamente debe achegarse no Sobre C.
2. Participar conformidade ás puntuacións outorgadas á empresa admitida no Lote 3 do procedemento aberto convocado para da “Subministración de artigos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra”.

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, a dezasete de xaneiro de dous mil dezanove.

